


PROXECTO XEA-CLÍO

Xeografía de España II

Os desequilibrios territoriais



Teresa Gómez Galán
Antonio Lorenzo Bugallo
Victoria Saiz Baeza
Patricia Valero García
Xosé M. Souto González (coord.)



XERAIS



PROXECTO XEA-CLÍO

Xeografía de España II

Os desequilibrios territoriais



Teresa Gómez Galán

Antonio Lorenzo Bugallo

Victoria Saiz Baeza

Patricia Valero García

Coord.: Xosé M. Souto González

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



Maquetación:

Ramón Domínguez

Capa:

Miguel Vigo

Infografía:

Don
Arquivo Nau Llibres

© Teresa Gómez Galán, Antonio Lorenzo Bugallo, Victoria Saiz Baeza,
Patricia Valero García, Xosé Manuel Souto González (coord.), 2001

© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2001
Dr. Marañón, 12. 36211 VIGO
xerais@xerais.es

ISBN: 84-8302-695-3

Depósito Legal: VG. 899-2001
Printed in Spain
Impreso en Gráficas Numen
Velázquez Moreno, 16
36201 Vigo

Agradecemos á editorial Nau Llibres as facilidades proporcionadas para realizar esta edición galega.
Este caderno é a versión galega do proxecto Xea-Clío
do que é propiedade, na súa versión orixinal castelá, a editorial Nau Llibres.

Reservados todos los derechos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución,
plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica,
ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada
a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

	Pág.
PRIMEIRA PARTE.	
OS ELEMENTOS XEOGRÁFICOS	
DOS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS EN ESPAÑA	5
1. FORMULACIÓN INICIAL DO PROBLEMA	5
2. ELEMENTOS QUE DEFINEN OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS: OS DESEQUILIBRIOS XEODEMOGRÁFICOS	14
3. OS DESEQUILIBRIOS NO MERCADO LABORAL, A RENDA E A ESTRUCTURA DA PRODUCCIÓN	25
4. OS DESEQUILIBRIOS NOS RECURSOS MEDIOAMBIENTAIS	31
5. OUTROS INDICADORES DE DESIGUALDADE	37
SEGUNDA PARTE.	
OS FACTORES QUE EXPLICAN AS DESIGUALDADES XEOGRÁFICAS	39
6. O PROCESO HISTÓRICO DE INDUSTRIALIZACIÓN E OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS	39
7. PLANS ADMINISTRATIVOS PARA PALIA-LAS DESIGUALDADES	48
TERCEIRA PARTE.	
OS RESULTADOS ESPACIAIS:	
AS CONCENTRACIÓNS URBANAS E AS REDES DE TRANSPORTE	55
8. O CRECEMENTO DA CIDADE	55
9. ESPAÑA EN EUROPA	66

Primeira parte

OS ELEMENTOS XEOGRÁFICOS DOS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS EN ESPAÑA

ACTIVIDADE UN. FORMULACIÓN INICIAL DO PROBLEMA

Nesta unidade didáctica imos estudar algúns problemas socioeconómicos en España e a súa repercusión no territorio. Seguramente xa oirías falar das desigualdades en España: unhas zonas son máis ricas e outras máis pobres; nunhas hai máis paro e noutras menos miseria.

As nosas opinións sobre as desigualdades.

Comezamos agora o estudio das desigualdades, pero para iso é preciso coñecer qué pensamos nós sobre esta cuestión. Por iso vos propoñemos realizar unha breve enquisa, con obxecto de expoñer as vosas ideas e poder contrastalas coas que aparecen nos indicadores estatísticos.

1

Indica o nome de cinco provincias que consideres de maior localización industrial e outras cinco de menor industrialización.

2

Sobre o mapa de España (figura 1), sinala os principais movementos migratorios. Sinala o lugar de orixe e destino e indica as causas polas cales a xente se despraza.

3

Mostra as zonas onde consideres que o paro é maior.

4

De seguido, trata de cartografalos resultados dos exercicios anteriores. Utiliza a figura 1 como modelo e representa cada resultado nunha folla de papel vexetal.

FORMULACIÓN INICIAL DO PROBLEMA

5 *Conclusións da clase*



Asemblea de clase: comentade os resultados obtidos e tirade conclusións.

Figura 1



FORMULACIÓN INICIAL DO PROBLEMA

Unha vez que xa coñecemos-las nosas opinións respecto dos desequilibrios territoriais en España, imolas comparar con algúns datos e informacións que aparecen nos medios de comunicación. Para iso empregaremos en primeiro lugar tres documentos que fan referencia a densidades provinciais e un indicador económico a distinta escala. Deste xeito, xa podemos compara-las nosas ideas coas que se expresan nos medios de comunicación:

Documento 1

Clasificación provincial da Renda Familiar Bruta dispoñible por habitante (1998)

PROVINCIAS	PTAS.	ÍNDICE POR HABITANTE MEDIA ESPAÑOLA=100
1. Baleares	2.381.420	143,4
2. Girona	2.206.753	132,8
3. Lleida	1.995.828	120,1
4. Barcelona	1.975.149	118,9
5. Álava	1.959.110	117,9
6. Navarra	1.900.947	114,4
7. Biscaia	1.899.951	114,4
8. Madrid	1.881.617	113,3
9. A Rioxa	1.866.621	112,4
10. Zaragoza	1.850.073	111,4
11. Guipúscoa	1.814.184	109,2
12. Huesca	1.790.558	107,8
13. Castellón	1.772.177	106,7
14. Tarragona	1.768.519	106,5
15. Burgos	1.745.820	105,1
16. Palencia	1.738.138	104,6
17. Valencia	1.718.862	103,5
18. Teruel	1.708.188	102,8
19. Valladolid	1.686.173	101,5
20. Ávila	1.661.977	100,1
21. Cantabria	1.626.420	97,9
22. Soría	1.624.555	97,8
23. S. C. Tenerife	1.589.148	95,7
24. Segovia	1.583.485	95,3
25. Guadalaxara	1.578.105	95,0
26. As Palmas	1.576.091	94,9
27. Alacante	1.567.537	94,4
28. Salamanca	1.566.472	94,3
29. Pontevedra	1.565.132	94,2
30. Asturias	1.560.085	93,9
31. A Coruña	1.547.724	93,2
32. Zamora	1.515.046	91,2
33. León	1.512.173	91,0
34. Huelva	1.471.654	88,6
35. Ourense	1.429.518	86,1
36. Cáceres	1.413.557	85,1
37. Murcia	1.411.342	85,0
38. Ciudad Real	1.399.218	84,2
39. Toledo	1.371.469	82,6
40. Cuenca	1.370.732	82,5
41. Xaén	1.369.517	82,4
42. Ceuta	1.362.382	82,0
43. Málaga	1.348.711	81,2
44. Almería	1.337.751	80,5
45. Córdoba	1.333.185	80,3


FORMULACIÓN INICIAL DO PROBLEMA

46. Lugo	1.329.477	80,0
47. Albacete	1.296.344	78,0
48. Melilla	1.285.439	77,4
49. Badaxoz	1.276.977	76,9
50. Cádiz	1.256.360	75,6
51. Granada	1.249.248	75,1
52. Sevilla	1.231.304	74,1
TOTAL	1.661.142	100,0

Fundación BBV: Renta Nacional de España y su distribución provincial, 1999

Densidade da poboación por provincias (1998)

Figura 2



FORMULACIÓN INICIAL DO PROBLEMA

Documento 2

Clasificación por CC. AA. da Renda Familiar Bruta dispoñible por habitante (1998)

PROVINCIAS	PTAS.	ÍNDICE POR HABITANTE MEDIA ESPAÑOLA=100
1. Baleares	2.381.420	143,4
2. Cataluña	1.977.255	119,0
3. Navarra	1.900.947	114,4
4. Madrid	1.881.617	113,3
5. País Vasco	1.880.352	113,2
6. A Ríoxa	1.866.621	112,4
7. Aragón	1.823.414	109,8
8. Com. Valenciana	1.672.602	100,7
9. Cantabria	1.626.420	97,9
10. Castela e León	1.621.870	97,7
11. Canarias	1.582.334	95,3
12. Asturias	1.560.085	95,3
13. Galicia	1.509.279	90,9
14. Murcia	1.411.342	85,0
15. Castela-A Mancha	1.382.666	83,2
16. Ceuta	1.362.382	82,0
17. Extremadura	1.328.763	80,0
18. Andalucía	1.302.856	78,4
19. Melilla	1.285.489	77,4
TOTAL.	1.661.142	100,0

Fundación BBV: *Renta Nacional de España y su distribución provincial*, 1999

6

Indica cáles son as unidades político-administrativas que se tiveron en conta. ¿Existen desigualdades entre provincias dunha mesma comunidade? Relaciona o rigor dos datos coa unidade de magnitude que se utiliza. Fai un comentario razoado sobre as desigualdades que observas.

FORMULACIÓN INICIAL DO PROBLEMA

7

En equipo:

Comparede os resultados dos comentarios da pregunta anterior cos que obtivestes na pregunta 5.



Como comprobaches, e como sabes polos medios de comunicación, existen numerosas estadísticas que nos informan sobre a riqueza/pobreza, niveis de desenvolvemento e outros aspectos sociais e demográficos da poboación que vive nos diferentes lugares de España. Pero non sempre estes parámetros son todo o fiables que se desexa. No documento 3 reflectímo-las características que debe reunir toda estatística.

Estatísticas españolas

Poderíamos dicir que as estatísticas españolas nin son boas nin malas, senón todo o contrario. Avanzouse moito nalgunhas áreas da información estatística, pero aínda é longo o camiño que hai que percorrer para acadar un nivel axeitado no concerto estatístico mundial.

Principios dun plan estatístico. Os principios de universalidade, oportunidade, fiabilidade e interpretación dos resultados que require todo plan estatístico non se cumpren sempre nas estatísticas españolas. Nos últimos tempos prestóuselle grande atención ós aspectos metodolóxicos na elaboración estatística e, sobre todo, nas estatísticas complexas que se modelaban baixo formas contables e metodolóxicas preestablecidas (contabilidade nacional, táboas input-output, fluxos financeiros, etc.).

O principio de universalidade a penas se cumpre na estatística española. A nosa estatística é incompleta: faltan estatísticas conxunturais e estruturais, que se consideran básicas nun país desenvolvido.

O atraso na publicación dos resultados das investigacións estatísticas é tradicional. Existen estatísticas conxunturais, como o Índice de Producción Industrial, que se coñece case con medio ano de desfacemento. O cal limita a súa eficacia e utilidade para o seguimento correcto e inmediato da evolución da conxuntura económica. Noutros casos trátase de investigacións anuais das que se coñecen os resultados tan tarde que case resultan útiles unicamente para os historiadores da economía.

Fiabilidade dos resultados. Pero onde a estatística española ofrece máis reservas é na fiabilidade dos resultados. Neste aspecto hai que diferenciar a clase de estatísticas e a orixe da información. Hai que distinguir entre estatísticas procedentes de rexistros administrativos, as estatísticas procedentes de enquisas de opinión e as estatísticas de carácter cuantitativo obtidas a partir de cuestionarios cumprimentados polos axentes económicos. As estatísticas procedentes dos rexistros administrativos son fiables en principio. Así, por exemplo, as estatísticas de paro rexistrado nas oficinas de emprego, salvo erro humano, deben reflectir o número de persoas que se inscribiron como parados. O que evidentemente non é equivalente ó número de parados realmente existente, posto que haberá persoas desocupadas que non figuran no rexistro, mentres que outras que figuran poden estar realizando traballos esporádicos ou ocasionais que as exclúe na súa condición de parados.

Son fiables as estatísticas fiscais e de gasto público elaboradas pola Secretaría de Facenda, as do comercio exterior (aduanas), as monetarias e financeiras (Banco de España), etc. Pódese da-lo caso de que estatísticas procedentes de rexistros administrativos como os de movemento natural da poboación (nacementos, defuncións, matrimonios) ou como as do sector da vivenda, non sexan fiables, na medida en que non se dispuxo de datos procedentes dalgun dos centros administrativos que deben subministra-la información primaria.

As estatísticas procedentes de enquisas de opinión, entre as que se atopan as conxunturais do Ministerio de Industria e Enerxía ou as de carácter político ou sociolóxico, son tamén fiables en tanto en canto recollen a opinión expresada polos enquisados. Outra cousa é que os enquisados expoñan a súa verdadeira opinión ou recapaciten dabondo sobre a cuestión formulada.

Pero onde a falta de fiabilidade se fai máis patente é, sen dúbida, nas estatísticas cuantitativas elaboradas por mostraxe ou de xeito exhaustivo polos organismos da Administración. É evidente que, por descoñecemento ou por outras razóns, a empresa ou o individuo investigado non din sempre a verdade. A hostilidade fronte a preguntas con respostas que poidan afectar o interese persoal do enquisado é evidente. Aínda que a metodoloxía da enquisa ou a investigación sexa perfecta, é imposible que os resultados acadados sexan reflexo fiel do fenómeno investigado. Suponse que neste tipo de inquéritos estatísticos os cuestionarios cumprimentados foron depurados e revisados a conciencia antes da súa tabulación. Pero, aínda así, non sempre os resultados acadados serán reflexo fiel da realidade. Este é un problema grave que só pode darse por superado cando se pase da fase de tabulación de resultados ó seu contraste coa realidade.

En xeral, os organismos estatísticos limitáanse a publica-los resultados tabulados das investigacións. Pero dificilmente fan unha análise crítica que sitúe o problema nos seus verdadeiros termos. Así, por exemplo, cando se realizan os resultados da enquisa de presupostos familiares, obsérvase que determinados consumos (gasolina, tabaco, automóviles, etc.) están moi lonxe de acadar-la verdadeira magnitude, que se coñece mellor a través doutras fontes estatísticas. É curioso, por exemplo, que o gasto das familias españolas supera o volume dos seus ingresos, cando é evidente que no seu conxunto a familia española ten unha achega significativa no aforro nacional bruto.

Coordinación e análise dos resultados. Para que a estatística sexa eficaz é preciso que os resultados acadados respondan á realidade. Neste ano fomos testemuñas da gran discrepancia existente entre os resultados da EPA e os deducidos dunha investigación específica sobre condicións de vida e traballo en España. Que a poboación activa española sexa de 13,2 ou de 15,1 millóns de persoas é moi diferente. Que o paro real supoña dous ou tres millóns de cidadáns tamén.

FORMULACIÓN INICIAL DO PROBLEMA

Parece que no INE tomouse conciencia da grave problemática da estatística española e que está sobre a mesa a necesidade de mellorar e perfecciona-lo aparato estatístico español. Dende que España é un socio máis da Comunidade Europea as nosas estatísticas serán examinadas con máis rigor. Por outra banda, a nova estrutura política e administrativa que se produce no estado das autonomías esixiría unha maior información rexional, moitas veces obtida nas súas propias oficinas estatísticas.

Julio Alcaide, *Anuario El País*, 1987

8

¿Coidas que son fiables as estatísticas empregadas nos documentos anteriores? ¿Por que?

Para rematar esta primeira actividade imos realizar un breve resumo no que reflectirémo-los puntos tratados e as conclusións ás que chegamos na introducción.

FORMULACIÓN INICIAL DO PROBLEMA

9

Tendo en conta o teu traballo anterior, contesta as seguintes preguntas:

- A. ¿Que elementos consideras que definen os desequilibrios territoriais en España?
¿Que dificultades atopas para poder medi-las desigualdades en España?
- B. En relación á resposta anterior, emite posibles hipóteses explicativas dos mesmos, facendo referencia a todo tipo de desigualdades: económicas, culturais, demográficas.

ACTIVIDADE DOUS. ELEMENTOS QUE DEFINEN OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS: OS DESEQUILIBRIOS XEODEMOGRÁFICOS

Unha vez que nos propuxemos traballa-las desigualdades territoriais e coñece-los seus factores, imos comeza-lo seu estudio cunha análise das diferentes desigualdades existentes entre a poboación, renda, infraestructuras e recursos naturais.

O cadro do documento 4 permítenos compara-lo crecemento intercensual das distintas comunidades autónomas, así como a súa participación na poboación total dende 1900 ata 1999.

Documento 4

Comunidade autónoma	1900		1950		1970		1981		1991		1998	
	Poboación	% do total	Poboación	% do total	Poboación	% do total	Poboación	% do total	Poboación	% do total	Poboación	% do total
Andalucía	3.549.337	19,08	5.605.857	20,04	6.971.277	17,65	6.441.755	17,01	6.440.985	16,57	7.236.459	18,20
Aragón	812.711	4,91	1.094.002	3,90	1.152.708	3,41	1.213.089	3,18	1.188.818	3,06	1.183.234	2,97
Asturias	627.069	3,37	888.149	3,17	1.045.635	3,10	1.127.007	3,00	1.093.937	2,81	1.081.834	2,71
Baleares	311.649	1,68	422.089	1,51	558.287	1,65	685.088	1,74	709.137	1,82	796.483	2,00
Canarias	358.567	1,93	793.328	2,83	1.170.224	3,48	1.144.626	3,63	1.493.783	3,84	1.630.015	4,09
Cantabria	276.003	1,48	404.921	1,45	467.138	1,38	510.816	1,37	527.325	1,36	527.137	1,32
Castela A Mancha	1.386.153	7,45	2.020.598	7,27	1.706.491	5,05	1.628.005	4,38	1.658.444	4,27	1.716.152	4,31
Castela León	2.302.417	12,40	2.864.378	10,24	2.623.196	7,76	2.577.105	6,92	2.545.924	6,55	2.484.603	6,23
Cataluña	1.966.381	10,57	3.240.313	11,58	5.122.567	15,14	5.958.208	15,81	6.059.496	15,59	6.147.610	15,43
Com. Valenciana	1.587.533	8,54	2.307.068	8,25	3.073.255	9,09	3.646.765	9,67	3.857.235	9,92	4.023.441	10,10
Extremadura	882.410	4,75	1.364.857	4,88	1.145.376	3,39	1.050.199	2,83	1.061.853	2,73	1.069.419	2,68
Galicia	1.980.515	10,64	2.604.200	9,31	2.583.677	7,64	2.753.836	7,46	2.731.671	7,03	2.724.544	6,84
Madrid	775.034	4,17	1.926.311	6,89	3.792.561	11,21	4.726.986	12,44	4.947.566	12,73	5.091.336	12,78
Murcia	577.987	3,11	756.721	2,70	832.313	2,46	957.953	2,54	1.045.603	2,69	1.115.068	2,80
Navarra	307.669	1,65	382.932	1,37	464.867	1,37	507.637	1,35	519.277	1,34	530.819	1,33
País Vasco	603.596	3,24	1.061.240	3,79	1.878.636	5,55	2.134.967	5,68	2.104.041	5,41	2.098.628	5,27
A Rota	189.476	1,02	229.791	0,82	235.713	0,70	253.295	0,68	263.434	0,68	263.644	0,66

Fonte: datos censuais


10

Cos datos numéricos que aparecen no documento 4 elabora un diagrama de barras, e a partir del, elabora unha explicación dos cambios demográficos que existiron en España no século XX, para o cal podes emprega-los mapas de densidades que aparecen nas figuras 3, 4 e 5.

ELEMENTOS QUE DEFINEN OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS: OS DESEQUILIBRIOS XEODEMOGRÁFICOS


Densidades por provincias (ano 1900)

Figura 3



Densidades por provincias (ano 1940)


Figura 4



ELEMENTOS QUE DEFINEN OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS: OS DESEQUILIBRIOS XEODEMOGRÁFICOS

Densidades por provincias (ano 1970)

Figura 5



11

En equipo:

Compare a evolución do crecemento real das diferentes Comunidades Autónomas. Para iso debes elaborar un índice con base 100 no ano 1900 e despois coñece-lo número relativo correspondente a cada ano censal. Relacionade a evolución das Comunidades coa evolución das súas densidades provinciais. ¿Existe unha correlación directa ou hai diferencias?


É incuestionable que estas conxunturas demográficas están relacionadas con movementos da poboación, ben sexan produto das diferencias entre nacementos e mortes, ben resultado dos desprazamentos dun lugar a outro. Imos comezar por este segundo aspecto.

Nas figuras 6, 7 e 8 presentámosche tres mapas que reflicten movementos migratorios. Dous mapas refírense a anos concretos e outro refírese a un período máis amplo.

ELEMENTOS QUE DEFINEN OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS: OS DESEQUILIBRIOS XEODEMOGRÁFICOS


Saldos migratorios (ano 1964)

Figura 6



Saldos migratorios (ano 1984)

Figura 7



ELEMENTOS QUE DEFINEN OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS: OS DESEQUILIBRIOS XEODEMOGRÁFICOS

SalDOS migratorios (período 1962-1984)

Figura 8



12

¿Cal dos tres mapas che parece máis fiable para coñece-la influencia dos movementos migratorios nas dinámicas xeodemográficas de carácter territorial? ¿Por que?

13

Observa os saldos de 1964 e 1984 e completa o seguinte cadro:

	1964	1984
PROVINCIA S CON S. M. POSITIVO		
PROVINCIA S CON S. M. NEGATIVO		

¿En que provincias se produce un cambio de signo no saldo migratorio?

ELEMENTOS QUE DEFINEN OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS: OS DESEQUILIBRIOS XEODEMOGRÁFICOS

14

Cos datos anteriores propón unha pequena explicación hipotética dos motivos polos cales se producen cambios demográficos nestes anos.

Podes empregar as seguintes referencias:

- a) Grandes concentracións humanas.
- b) Localización industrial.
- c) Actividades terciarias: servicios, comercio, turismo...
- d) Existencia de vías de comunicación.
- e) Nivel de renda per cápita provincial.
- f) Taxas de paro.

Ademais dos saldos migratorios, na dinámica da poboación española inflúen as diferencias rexistradas entre natalidade e mortalidade. Seguramente xa oístes falar do crecemento vexetativo ou crecemento natural, como concepto que explica as diferencias entre natalidade e mortalidade.

15

Nos seguintes mapas e cadros estatísticos (documento 5 e figura 9) ofrecémosche o crecemento natural das Comunidades Autónomas en 1998. ¿Por que é máis alto nunhas ca noutras? Explica os posibles factores que afectan ó crecemento natural:

- Reducción da mortalidade.
- Mantemento da natalidade elevada.
- Chegada de numerosas familias de inmigrantes novos.
- Outros factores.

ELEMENTOS QUE DEFINEN OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS: OS DESEQUILIBRIOS XEODEMOGRÁFICOS

Documento 5


Taxas brutas de natalidade e mortalidade por comunidades autónomas (1998)

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	NATALIDADE (%)	MORTALIDADE (%)	CRECIMENTO VEJETATIVO (%)
Andalucía	10,55	8,47	2,08
Aragón	7,81	10,96	-3,15
Asturias	6,06	11,37	-5,31
Baleares	11,07	10,60	0,48
Canarias	10,67	7,34	3,33
Cantabria	7,26	9,90	-2,64
C. A Mancha	9,25	9,60	-0,35
C. León	6,81	10,15	-3,34
Cataluña	9,29	9,37	-0,08
C. Valenciana	9,46	9,45	0,01
Extremadura	9,13	9,43	-0,30
Galicia	6,74	10,29	-3,55
Madrid	9,75	7,56	2,19
Murcia	11,57	8,34	3,24
Navarra	9,36	9,26	0,10
País Vasco	7,87	8,78	-0,91
A Rioxa	8,34	9,82	-1,49
España	9,19	9,09	0,10

España en cifras 1999, INE

Crecremento natural da poboación (1998)

Figura 9



As diferentes conxunturas demográficas analizadas inciden na distribución actual de sexos e idades nas poboacións das diferentes Comunidades Autónomas. Os datos estatísticos que che ofrecemos (Documento 6) permiten reflexionar sobre estas situacións diferentes.

ELEMENTOS QUE DEFINEN OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS: OS DESEQUILIBRIOS XEODEMOGRÁFICOS

Documento 6

Estructura por idade da poboación española en grandes grupos de idade (1991)

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	0-16 ANOS (%)	16-64 ANOS (%)	MÁIS DE 65 ANOS (%)
Andalucía	24,7	63,6	11,7
Aragón	17,7	64,5	17,9
Asturias	17,8	65,4	16,8
Baleares	21,1	64,7	14,2
Canarias	24,2	66,3	9,5
Cantabria	20,0	64,6	15,4
C. A Mancha	21,3	62,1	16,6
C. León	18,4	63,9	17,7
Cataluña	19,5	66,3	14,2
C. Valenciana	21,6	64,8	13,6
Extremadura	22,3	62,4	15,3
Galicia	19,7	63,8	16,5
Madrid	20,8	67,4	11,8
Murcia	24,6	63,6	11,9
Navarra	18,9	65,7	15,4
País Vasco	18,6	68,8	12,7
A Rioxa	18,9	64,6	16,5
España	21,1	65,1	13,8

Indicadores sociales de España. Monografía: disparidades provinciales, INE, 1997

16

¿Cal será o motivo de distinguir tres grupos de idade no cadro de tódalas comunidades? ¿Que relación ten coa estrutura da poboación? ¿Que pode pasar nun lugar se os grupos de 0-14 e os de máis de 65 son moi numerosos? Argumenta as túas respostas.

O estudio da estrutura por sexo e idade realízase basicamente coa ordenación das persoas en grupos de idades cada cinco anos, e a súa representación en pirámides de idade (histogramas que representan a poboación absoluta ou relativa das diferentes cohortes ou grupos de idade dunha poboación).

ELEMENTOS QUE DEFINEN OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS: OS DESEQUILIBRIOS XEODEMOGRÁFICOS

Gráfico 1

Pirámide de poboación. España, 1998





Gráfico 2


Pirámide de poboación. Canarias, 1998



ELEMENTOS QUE DEFINEN OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS: OS DESEQUILIBRIOS XEODEMOGRÁFICOS

Gráfico 3

Pirámide de poboación. Castela-A Mancha, 1998



Fonte das tres pirámides: *Poboacións dos municipios españois.*
Revisión do Padrón Municipal a 1 de xaneiro de 1998, INE

17



En equipo:

Analiza a pirámide de poboación de España correspondente a 1998 (gráfico 1). ¿Por que cres que nos grupos que representan as idades máis pequenas (0-4, 5-9 e 10-14) o perfil é regresivo? ¿A que pensades que se deben as diferencias entre as pirámides de Canarias e Castela-A Mancha (véxanse gráficos 2 e 3)?

ELEMENTOS QUE DEFINEN OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS: OS DESEQUILIBRIOS XEODEMOGRÁFICOS

18 *Facemos un resumo*



A partir da análise dos documentos e os exercicios realizados ata agora, elaborede un resumo no que amosedes os posibles desequilibrios xeodemográficos entre as Comunidades Autónomas.

ACTIVIDADE TRES. OS DESEQUILIBRIOS NO MERCADO LABORAL, A RENDA E A ESTRUCTURA DA PRODUCCIÓN

Seguramente oirias falar en moitas ocasións do mercado de traballo en España, do paro e da poboación activa. Tal vez tamén coñezas algunha polémica sobre as cifras do paro. Aquí ofrecémosche un cadro moi completo dos datos que abordan estas cuestións. Para iso cómpre que antes de realiza-los exercicios que che propomos fagas unha primeira lectura dos datos. De seguido xa podes responder ó seguinte:

Documento 7

Mercado de traballo e España en %. Terceiro trimestre de 1999

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	POBOACIÓN ACTIVA	POBOACIÓN INACTIVA	POBOACIÓN OCUPADA	POBOACIÓN DE 16 E MAS ANOS QUE TRABALLA				PARADOS
				NA AGRIC.	NA INDUST.	NA CONS.	NOS SERV.	
Andalucía	49,3	50,3	36,1	10,1	13,5	12,4	64,1	26,8
Aragón	44,8	50,9	45,0	7,7	25,0	8,3	58,9	7,8
Asturias	42,8	56,9	35,4	10,1	21,2	10,3	58,4	17,3
Baleares	55,3	44,2	52,0	2,7	12,4	11,7	73,2	6,1
Canarias	52,5	47,0	44,5	6,5	6,8	13,5	73,2	15,3
Cantabria	44,6	55,1	37,8	7,4	22,7	13,0	56,8	15,4
C. A Mancha	47,5	51,9	40,9	11,6	21,0	13,8	53,5	13,9
C. León	47,2	52,5	40,4	11,4	18,4	11,4	58,9	14,4
Cataluña	52,7	47,0	47,6	3,4	27,6	9,3	59,6	9,7
C. Valenciana	51,1	48,5	43,4	5,5	24,5	10,5	59,6	15,0
Extremadura	48,3	51,3	37,2	13,9	11,1	15,2	59,8	22,9
Galicia	49,2	50,5	41,6	18,3	18,0	11,5	52,3	15,4
Madrid	53,3	46,2	46,7	0,9	16,8	8,9	73,4	12,5
Murcia	51,4	48,1	44,2	12,4	16,5	11,9	59,3	14,0
Navarra	50,6	49,3	46,9	7,5	29,6	10,5	52,4	7,5
País Vasco	51,3	48,6	44,0	2,1	29,5	9,2	59,3	14,1
A Rioxa	48,3	51,4	44,2	10,7	32,4	10,1	46,7	8,4
Ceuta-Melilla	50,4	49,4	39,5	1,2	3,9	5,1	89,8	21,7
España	50,4	49,2	42,6	7,1	20,1	10,8	62,1	15,4

Elaborado a partir de Anuario El País, 2000

19

Realiza un comentario deste cadro estatístico. Para iso debes definir con claridade os conceptos que se utilizan e clasifica-las Comunidades Autónomas segundo as maiores e menores taxas de paro e o tipo de actividades económicas fundamentais que realicen.

OS DESEQUILIBRIOS NO MERCADO LABORAL, A RENDA E A ESTRUCTURA DA PRODUCCIÓN

20 *Conclusións da clase*



Cos resultados dos exercicios anteriores, comparade as definicións que elaborastes. Formuládelle ó conxunto da clase aqueloutras que non entendades. De seguido, tomando en consideración as taxas de paro e a distribución das actividades da poboación, explicade as diferencias que aparecen entre as Comunidades Autónomas.

Por último, cada un dos membros do equipo debe anotar no SEU CADERNO as conclusións da posta en común dos diferentes equipos.

Tamén, posiblemente, che sexan familiares o produto interior bruto, o valor engadido bruto e a renda rexional que se amosan nos seguintes documentos (documentos 8 a 11 incluídos). Analízaos.

OS DESEQUILIBRIOS NO MERCADO LABORAL, A RENDA E A ESTRUCTURA DA PRODUCCIÓN

Documento 8

Distribución das Comunidades Autónomas segundo o índice relativo da renda rexional en 1985, 1993 e 1998

NÚMEROS ÍNDICES SOBRE MEDIA DE 100 PARA TODA ESPAÑA			
COMUNIDADES	1985	1993	1998
Baleares	130,7	128,9	139,5
Madrid	135,4	138,4	138,4
País Vasco	112,5	109,7	122,9
Navarra	107,9	113,0	118,6
Cataluña	123,9	126,7	115,1
A Rioxa	106,9	109,2	109,4
Aragón	108,2	105,4	102,1
Cantabria	105,0	100,5	100,1
C. Valenciana	101,6	101,5	97,8
Canarias	86,8	89,9	91,6
Cast. e León	90,1	89,3	89,8
Asturias	98,5	91,1	87,4
Galicia	81,5	83,5	79,2
Cast. A Mancha	76,7	78,1	77,2
Murcia	80,0	79,8	72,6
Ceuta e Melilla	85,9	75,2	76,4
Extremadura	66,7	61,5	69,7
Andalucía	71,0	68,9	69,0

Elaboración propia a partir de *Papeles de Economía Española e Renta nacional de España y su distribución provincial*. Años 1955 a 1993 y avances 1994 a 1998, Fundación BBV, 1999

Documento 9

Distribución por sectores do valor engadido bruto (VEB) ó custo dos factores, 1995 (en %)

COMUNIDADES	AGRICULTURA			
	E PESCA	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVICIOS
Andalucía	9,6	14,2	8,6	67,6
Aragón	7,5	26,5	7,5	68,4
Asturias	3,5	29,2	8,3	59,1
Baleares	2,0	8,0	6,3	83,8
Canarias	4,2	9,5	7,4	78,9
Cantabria	5,0	24,6	7,6	62,7
Castela-A Mancha	12,5	24,2	10,9	52,4
Castela e León	10,0	24,4	8,4	57,1
Cataluña	2,0	28,7	7,1	62,2
Com. Valenciana	3,2	26,5	7,3	63,0
Extremadura	13,1	16,8	12,4	57,7
Galicia	8,6	19,6	10,1	61,7
Madrid	0,2	16,0	7,2	76,5
Murcia	8,5	21,5	9,2	60,7
Navarra	5,0	35,5	7,2	52,4
País Vasco	2,0	33,9	6,8	57,3
A Rioxa	10,4	31,5	6,7	51,4
Ceuta	0,9	4,7	5,0	89,4
Melilla	0,4	4,4	5,5	89,7
España	4,8	22,1	7,9	65,2

OS DESEQUILIBRIOS NO MERCADO LABORAL, A RENDA E A ESTRUCTURA DA PRODUCCIÓN

Documento 10

Crecedamento real do PIB e do PIB per cápita, 1960-1996

COMUNIDADES	CRECIMENTO A PRECIOS CONSTANTES (%). MEDIAS ANUAIS.							
	1960-1975		1975-1985		1985-1996		1960-1996	
	PIB	PIB PER CAP.	PIB	PIB PER CAP.	PIB	PIB PER CAP.	PIB	PIB PER CAP.
Andalucía	6,0	5,8	2,4	1,6	3,5	2,9	4,2	3,7
Aragón	5,5	5,1	2,9	2,8	2,5	2,6	3,9	3,7
Asturias	5,5	4,7	1,1	1,0	1,5	1,7	3,0	2,8
Baleares	8,0	5,9	5,4	3,7	3,9	3,2	6,0	4,5
Canarias	7,9	5,7	4,8	3,6	4,2	3,5	5,9	4,4
Cantabria	4,5	3,6	1,9	1,2	2,2	2,1	3,1	2,5
Cast.-A Mancha	5,3	6,6	1,8	1,9	3,9	3,8	3,9	4,4
Cast. e León	5,2	6,0	2,4	2,5	3,0	3,2	3,7	4,2
Cataluña	7,2	4,6	2,0	1,5	3,0	2,7	4,5	3,2
Com. Valenciana	6,6	4,4	3,1	1,9	2,9	2,5	4,5	3,1
Extremadura	3,4	5,1	3,0	3,3	3,5	3,5	3,3	4,1
Galicia	6,3	6,1	3,0	2,8	2,9	3,0	4,2	4,2
Madrid	8,9	5,1	2,9	1,9	3,2	2,6	5,4	3,5
Murcia	6,9	6,3	3,0	1,6	3,0	2,3	4,6	3,7
Navarra	6,5	5,2	2,2	1,6	3,6	3,4	4,4	3,6
País Vasco	7,0	4,1	0,2	0,1	2,6	2,7	3,7	2,5
A Rioxa	5,0	4,7	3,2	2,3	3,8	3,7	4,4	3,8
Ceuta	6,0	6,4	3,0	3,7	3,4	2,8	4,4	4,5
Melilla	6,3	8,0	3,2	4,7	2,9	2,2	4,4	5,3
España	6,7	5,5	2,5	1,9	3,1	2,8	4,4	3,7

Fonte dos documentos 9 e 10: *Anuario El País*, 1998

OS DESEQUILIBRIOS NO MERCADO LABORAL, A RENDA E A ESTRUCTURA DA PRODUCCIÓN

Documento 11

A economía rexional e provincial española dos anos 1955 a 1997

Producción: Entre 1955 e 1997 o crecemento real da economía española medido polo produto interior bruto (PIB), a prezos constantes, foi do 402,6%, o que equivale a unha taxa anual de crecemento acumulativo do 3,9%. Crecemento moi intenso que fixo muda-la fisionomía da sociedade española, na medida en que saíu do subdesenvolvemento para incorporarse ó grupo de países economicamente avanzados. O maior crecemento tivo lugar nos vinte anos que separan 1955 de 1975, sendo neste período o aumento do 190,9%, equivalente a unha taxa anual acumulativa do 5,5%. Nos vintedous anos que pasaron dende 1975 a 1997 o crecemento económico en termos de PIB foi do 72,7%, equivalente a unha taxa interanual acumulativa do 2,5%. A renda familiar bruta dispoñible que se refire ás rendas en diñeiro de que dispoñen as familias para gastar e para aforrar aumentaron entre 1967 e 1997 o 161,7%, equivalente ó 3,3%. Un crecemento moi intenso que confirma o maior benestar económico da sociedade española ó remate do século XX.

O crecemento económico das rexións e provincias españolas en tan longo período de tempo (corenta e dous anos) foi desigual. Pero tódolos territorios autónomos amosaron un crecemento que vai dende o 220,7% de Ceuta e Melilla ó 700,4% de Canarias. En taxa anual acumulativa o maior crecemento tivo lugar en Canarias (5,1% anual acumulativo), seguida de Baleares (4,7%), Murcia (4,4%), Comunidade Valenciana (4,2%), Navarra, Cataluña e Madrid (4,1%). O crecemento máis baixo rexistrouse en Ceuta e Melilla (2,8% anual acumulativo), seguido de Asturias (3%), Extremadura, Castela e León (3,3%) e Cantabria (3,4%). No cuatrienio 93-97, o maior aumento deuse en Canarias (4,7% anual acumulativo), seguido de Baleares (4,4%), e Andalucía e Extremadura (4,1%). O menor crecemento entre 1993 e 1997 tivo lugar en Asturias (2,3%), Castela e León (2,6%), Galicia (2,7%), Ceuta, Melilla, Madrid (2,8%) e Cantabria (2,9%). O resto de comunidades autónomas medraron nunha taxa superior ó 3% anual acumulativo.

Producción e renda familiar por habitante: o desigual comportamento demográfico dá lugar a que as diferencias no crecemento económico e a renda familiar dispoñible queden atenuadas pola desigual evolución da poboación. En xeral, as comunidades autónomas cun menor nivel de desenvolvemento: Extremadura, Castela-A Mancha, Andalucía, Murcia e Galicia melloraron a súa posición relativa na produción por habitante, mentres que algunha das máis desenvolvidas, como o País Vasco, Cataluña e Madrid, reduciron as súas distancias fronte ás máis atrasadas. O maior retroceso tivo lugar en Asturias, que fronte a un índice de PIB por habitante en 1955 equivalente a 109,7% da media española, descendía ó 99,4% en 1975 e ó 85,9% en 1997. Tamén Cantabria, que dende o 115,6% do ano 1955 baixou ata o 92,3% en 1997. O País Vasco baixou dende o 177,6% de 1955 ó 109,7% en 1993, para iniciar unha nova recuperación subindo o seu índice ó 113,7% no último ano 1997. Pola contra, Extremadura, que en 1955 rexistraba un índice de PIB por habitante do 55,8%, subiu ata acadar o 73,4% da media española en 1997.

Pero o feito máis importante hai que atopalo na tendencia á aproximación nos índices por habitante de renda familiar bruta dispoñible, fronte ós ligados á produción rexional (PIB). Extremadura, fronte a un índice de PIB en 1997 equivalente ó 73,4% da media española, eleva a súa media de renda familiar ata o 80,2%. Andalucía pasa do 72,4% ó 78,2%; Galicia, dende o 83,8% ó 90,2%. Pola contra, Madrid, cun PIB por habitante equivalente en 1997 ó 127,5% da media española, reduce ó 114,8% o índice de renda familiar por habitante. Baleares e Cataluña tamén rexistran uns índices inferiores ós da produción. Todo iso como consecuencia do esforzo de solidariedade económica rexional que se desprende da actuación do sector público.

Non obstante, para un coñecemento conxunto da solidariedade económica interrexional sería preciso coñecer os balances fiscais e de gasto público, por autonomías, e a ser posible por provincias, o que require que a Administración achegue a elaboración das contas públicas rexionalizadas e consolidadas.

Julio Alcaide, *Anuario El País*, 1999

OS DESEQUILIBRIOS NO MERCADO LABORAL, A RENDA E A ESTRUCTURA DA PRODUCCIÓN

21

Realiza un resumen da situación económica en España, explicando os desequilibrios que aparecen nos diferentes indicadores: o produto interior bruto, a renda rexional e o valor engadido por sectores productivos. Diferencia os períodos comparados e a súa evolución.


ACTIVIDADE CATRO. OS DESEQUILIBRIOS NOS RECURSOS MEDIOAMBIENTAIS

Ademais das desigualdades socioeconómicas, hai outros elementos que condicionan as posibilidades de desenvolvemento económico e social dun lugar. Estámonos a referir ós recursos ambientais, que ademais do seu potencial productivo crean unha determinada paisaxe que afecta á calidade de vida. Analizaremos de seguido algúns documentos que reflicten esta diversa potencialidade dos recursos en España.

En primeiro lugar imos estudar unha serie de mapas, nos que aparecen reflectidas algunhas características do medio: relevo, clima, vexetación, caladoiros de pesca, dominios agrarios e minería.

Unidades morfoestructurais da Península Ibérica


Figura 10



OS DESEQUILIBRIOS NOS RECURSOS MEDIOAMBIENTAIS


Rexións climáticas da Península Ibérica

Figura 11



Vexetación da Península Ibérica, 1979

Figura 12




Mapa do Consello de Europa simplificado

OS DESEQUILIBRIOS NOS RECURSOS MEDIOAMBIENTAIS

Paisaxe agrícola

Figura 13



Méndez-Molinero, *Geografía de España*, p. 327, Ed. Ariel, Barcelona 1993

Minería, 1985

Figura 14



OS DESEQUILIBRIOS NOS RECURSOS MEDIOAMBIENTAIS

22

Analiza cada un deles e caracteriza as distintas zonas que establecemos:

- a) España atlántica.
- b) Alta montaña.
- c) España mediterránea cálida.
- d) España mediterránea interior.

OS DESEQUILIBRIOS NOS RECURSOS MEDIOAMBIENTAIS

Completa para iso o seguinte cadro sinóptico no que aparecen os elementos que configuran a paisaxe:

REXIÓN	RELEVO	CLIMA	VEGETACIÓN	CALADOIROS	DOMINIOS AGRARIOS	MINERÍA
ATLÁNTICA						
ALTA MONTAÑA						
MEDITERRÁNEA CÁLIDA						
MEDITERRÁNEA INTERIOR						

Documento 12

Os caladoiros da área xurisdiccional española

A pesar do importante desenvolvemento da lonxitude do litoral español, con máis de 4.600 km, éste non vai acompañado dunha plataforma continental o suficientemente ampla que ofrezca características idóneas para permitirla abundancia de recursos pesqueiros na área da zona económica exclusiva española.

A actividade pesqueira dedicouse máis ben á extracción masiva, aumentando o seu esforzo pesqueiro, para dar resposta a unha demanda crecente de peixe; dando lugar a unha sobrepesca e provocando con iso unha crise e esgotamento dos recursos das nosas augas xurisdiccionais.

As condicións do litoral e do relevo submarino inciden nunha serie de elementos, como son o clima acuático, os biotopos e as cadeas de nutrición dos peixes, provocando unha maior ou menor abundancia dos mesmos. A cor das augas, a salinidade, a existencia de mareas, as condicións térmicas do mar, son tamén factores importantes que presentan diferencias significativas entre as augas mediterráneas e atlánticas.

A actividade pesqueira que se realiza dentro da zona económica exclusiva española segue a ser considerable, consistindo basicamente nunha pesca de litoral ou baixura que faena case que exclusivamente dentro da franxa das 60 millas dende a costa, empregando para faenar todo tipo de artes, tanto de superficie (cerco, trasmallo, volanta, palangre...) coma de fondo (arrastre).

Das rexións marítimas, a galega e a cantábrica son as que ofrecen unha maior abundancia de especies que son aproveitadas por unha flota máis grande dedicada á pesca costeira e artesanal, empregando as técnicas de arrastre, volanta, betas, palangre, cerco ou currián.

A problemática global da pesca cántabro-galaica céntrase basicamente no forte proceso de sobrepesca especialmente motivado polo excesivo número de barcos en relación ás posibilidades dos recursos, o que pode provocar problemas de esgotamento nun futuro non moi afastado.

A problemática das extraccións nos caladoiros andaluces atingue ó emprego nos mesmos de todo tipo de artes, tanto de superficie como de fondo, que os someteron dunha maneira indiscriminada a un sobreesforzo pesqueiro que mostra síntomas de esgotamento dende os anos sesenta, o que dá lugar a un proceso de esquilma de numerosas especies.

Para rematar, os caladoiros situados na área mediterránea, aínda contando con especies semellantes ás dos caladoiros atlánticos, presentan notables diferencias tanto na potencialidade dos recursos coma na proporción da presenza das especies.

Elaborado a partir de P. Salvá Tomás, *La pesca*, Ed. Síntesis

ACTIVIDADE CINCO. OUTROS INDICADORES DE DESIGUALDADE

No Documento número 13 representámosvos algún dos indicadores que emprega o Instituto Nacional de Estatística (INE) para diferenciar-lo desenvolvemento socioeconómico das distintas Comunidades Autónomas.

Documento 13

Indicadores socioeconómicos das comunidades autónomas, 1991

COMUNIDADES	1	2	3	4	5
Andalucía	39,4	15,7	425,1	28,6	701,4
Aragón	52,6	23,5	665,7	32,4	1.322,8
Asturias	42,8	21,0	676,5	28,0	739,6
Baleares	34,9	10,6	746,8	38,5	1.216,6
Canarias	31,7	21,4	544,3	27,3	441,8
Cantabria	41,7	18,3	651,4	28,3	786,5
C. A Mancha	29,4	15,5	555,4	37,7	801,4
C. León	40,8	23,5	633,0	33,4	969,2
Cataluña	40,7	16,5	783,3	32,0	1.041,7
C. Valenciana	36,8	15,9	619,5	33,1	972,5
Extremadura	30,4	14,9	467,1	31,2	593,8
Galicia	33,0	18,5	589,6	29,7	675,0
Madrid	51,6	20,4	798,3	25,9	1.052,5
Murcia	33,2	14,1	551,9	30,0	732,6
Navarra	49,9	19,4	719,0	34,0	917,5
País Vasco	41,5	20,8	743,6	26,7	1.103,3
A Rioja	39,0	17,2	764,1	33,5	905,3
España	39,4	18,0	652,0	30,3	891,2

1) Médicos por cada 10.000 habitantes.
 2) Tasa de escolaridade cada 1.000 habitantes (16 a 35 anos).
 3) Ingreso anual por persoa dos fogares en miles de pesetas.
 4) Superficie útil de vivenda (m² por persoa).
 5) Consumo de enerxía eléctrica en iluminación e uso doméstico (kw/hab.).

Fonte: *Indicadores sociales de España. Disparidades provinciales*, INE, 1997

24

Observando dito documento, explica o significado dos indicadores que se empregan para medir-lo nivel de desenvolvemento socioeconómico. Indica as Comunidades Autónomas que ocupan os catro primeiros e catro últimos lugares en cada un deles. ¿Posúe, cada Comunidade, un mesmo nivel de desenvolvemento, en tódolos indicadores?

OUTROS INDICADORES DE DESIGUALDADE

25 *Facemos un resumo*



Elabora unha SÍNTESE DESTA PRIMEIRA PARTE, indicando os criterios e elementos que coidas que se deben empregar para explica-las desigualdades que existen entre os diferentes lugares de España. Lembra que para iso debes facer un pequeno guión inicial.

Segunda parte

OS FACTORES QUE EXPLICAN AS DESIGUALDADES XEOGRÁFICAS

Como vimos anteriormente, en España existen importantes diferencias territoriais. Os indicadores e datos que empregamos, permitíronnos diferenciar espazos xeográficos de distinto nivel de desenvolvemento socioeconómico. Pero, ¿por que se producen estas desigualdades?

ACTIVIDADE SEIS. O PROCESO HISTÓRICO DE INDUSTRIALIZACIÓN E OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS

Nos mapas de fins do século XVIII, de 1866, de 1900, e de 1985 (figuras 15 a 19), indicase a localización das principais zonas industriais en cada momento. Observa con coidado ditos mapas, así como os que corresponden ós recursos enerxéticos e mineiros (figuras 14 e 20) para poder realizar as seguintes tarefas:

26

Describe os cambios que se produciron ó longo destes 200 anos, explicando os factores que os condicionan. ¿En que momentos a localización industrial aparece máis concentrada ou máis dispersa? En función da resposta anterior, ¿cando son máis evidentes os contrastes territoriais?

O PROCESO HISTÓRICO DE INDUSTRIALIZACIÓN E OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS

27 *Conclusiones individuais*




Realizade unha recapitulación expoñendo o proceso de localización industrial, a evolución dos factores que incidiron nel e o problema territorial que xerou. Pero antes elaborade en equipo un esquema conceptual previo.

O PROCESO HISTÓRICO DE INDUSTRIALIZAÇÃO E OS DESEQUILÍBRIOS TERRITORIAIS

Principais instalações siderúrgicas em 1866


Figura 16



Ana María Ballarín e outros, *Trabajos prácticos de Historia de España*, Ed. Akal, Madrid 1982

Densidade industrial, 1900

Figura 17




R. Méndez, *Las actividades industriales*, Geografía de España, Síntesis, nº 10, p. 20

EL PROCESO HISTÓRICO DE INDUSTRIALIZACIÓN E OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS

Estructura espacial da industria española en 1965

Figura 18



R. Méndez, *Las actividades industriales*. Geografía de España, Síntesis, nº 10, p. 39

Estructura espacial da industria española en 1985

Figura 19




R. Méndez, *Las actividades industriales*. Geografía de España, Síntesis, nº 10, p. 127

O PROCESO HISTÓRICO DE INDUSTRIALIZACIÓN E OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS

Centrais eléctricas

Figura 20



Ademais da industrialización, actualmente existen outros factores que inciden na organización do espazo. Mentáncome de seguido dous documentos relativos ó sector terciario (documento 14 e figura 21). Analiza cada un deles.

O PROCESO HISTÓRICO DE INDUSTRIALIZACIÓN E OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS

Documento 14

Emprego no sector terciario en 1997


COMUNIDADES AUTÓNOMAS	1	2
Andalucía	15,1	63,6
Aragón	3,0	57,1
Asturias	2,5	60,2
Baleares	3,0	78,0
Canarias	4,9	76,2
Cantabria	1,2	58,3
C. A Mancha	3,3	53,9
C. León	5,8	58,8
Cataluña	16,7	61,7
C. Valenciana	9,5	59,1
Extremadura	2,2	59,5
Galicia	6,0	53,3
Madrid	17,2	76,8
Murcia	2,4	57,8
Navarra	1,2	53,0
País Vasco	4,9	57,3
A Rioxa	0,6	50,6
España	100	63,0

1 = Porcentaxe de emprego respecto do total español.
2 = Porcentaxe de emprego respecto do total rexional.

Fonte: *Renta nacional de España y su distribución provincial. Serie homogénea. Años 1955 a 1993 y avances 1994 a 1998*, t. I, Fundación BBV, 1999

Turismo

Figura 21



O PROCESO HISTÓRICO DE INDUSTRIALIZACIÓN E OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS

Documento 15

O papel das Comunidades do arco mediterráneo na oferta turística é evidente, xa que as Baleares, Cataluña, Valencia e Andalucía –incluídas Cádiz e Huelva– suman o 67,4% do total das prazas hoteleiras de España, ás que se engade un 65,8% dos aloxamentos extrahoteleiros non legais. Pola súa banda, as Canarias, espacia de acusada especialización nas illas de Gran Canaria e Tenerife, esencialmente, concentra case outro 10% das prazas de aloxamento en hoteis e un 8% extrahoteleiras. O resto do aloxamento turístico repártese de xeito desigual entre as rexións atlánticas e cantábricas, así como no interior. Como única excepción, os campamentos de turismo distribuídos por todo o espacia litoral español, posto que a pesar da concentración de case un 39% en Cataluña, as restantes prazas non se adscriben particularmente a ningunha Comunidade Autónoma; incluso se pode falar da relativa importancia deste tipo de oferta na fachada cantábrica (8,5% entre Asturias e Cantabria). (...)

As razóns que xustifican a acusada especialización do Mediterráneo e as illas xa foron comentadas sobre a base dos compoñentes físico-ecolóxicos e de renda de situación destas zonas do litoral español respecto ós países emisores. (...)

Un primeiro factor que hai que valorar é a accesibilidade. A diferenza comparativa existente entre os niveis de especialización turística do litoral de Murcia e a parte costeira máis oriental de Andalucía, fronte á Costa Branca alacantina, xustifícase en boa medida pola interrupción do eixo de comunicacións con Europa que representa a A-7 e as vantaxes con que contou Alacante ó entrar en funcionamento, dende 1967, o aeroporto internacional de El Altet.

É obvio que Cataluña se beneficiou da proximidade a Europa por estrada e da existencia do aeroporto internacional de Barcelona; do mesmo xeito, o transporte aéreo é a clave do éxito turístico nas Baleares e nas Canarias.

Un segundo factor que axuda a entender a distribución das zonas turísticas é a propia imaxe social dalgunhas cidades españolas que, xa dende o século XIX, se configuran como núcleos de verán, captando unha clientela de todo o Estado; tal é o caso de Málaga e Alacante, no Mediterráneo, que contan cunha longa tradición como centros balnearios do mar, e San Sebastián e Santander no Cantábrico.

Reelaborado a partir de: Méndez, R. e Molinero, F.: *Geografía de España*, Ed. Ariel, Barcelona, 1993, páxs. 477 e seguintes.

O PROCESO HISTÓRICO DE INDUSTRIALIZACIÓN E OS DESEQUILIBRIOS TERRITORIAIS

28

Estudia con detalle cada un dos documentos e realiza unha breve redacción onde explíque-los factores que determinaron este proceso de terciarización (aumento do sector servicios). Para iso debes indica-las principais zonas onde se concentra o emprego nas actividades terciarias e, en concreto, o turismo.

ACTIVIDADE SETE. PLANS ADMINISTRATIVOS PARA PALIA-LAS DESIGUALDADES

Neste epígrafe queremos analiza-lo papel das institucións do Estado en relación coa súa actuación territorial. Trataremos de saber se o Estado condicionou a localización de determinadas empresas e, deste xeito, tamén condicionou as desigualdades territoriais.

Ó longo do pasado histórico a Administración foi modificando ou reforzando as estratexias privadas e a súa incidencia na organización territorial. Unhas veces favorecendo a ocupación duns lugares pouco habitados, outras promovendo a creación, consolidación ou rehabilitación de lugares industriais.

De seguido, no documento 16 proporcionámosche unha información xeral sobre as primeiras intervencións estatais na ordenación do territorio.

Documento 16

Resulta común asociar a década de 1960 a un período altamente expansivo da economía española, nembargantes, a carón deste desenvolvemento cuantitativo tiveron lugar cambios decisivos na estrutura do sistema productivo español. Estes cambios traducíronse no afianzamento dos desequilibrios rexionais e na instauración dun modelo de crecemento polarizado diante do efecto combinado dun conxunto variado de factores: densidade de poboación, distribución dos activos por sectores, rede urbana, concas mineiras, portos, accesibilidade, etc.

Nas variables de produción e emprego tamén se xeran importantes desequilibrios rexionais. En principio o crecemento industrial dos anos 60 parte dunha diferenciación entre os focos tradicionais (vasco, catalán e madrileño) co resto das rexións. As pautas de localización industrial caracterízanse por unha concentración nas áreas de tradición manufacturera acompañada ó remate da década dunha relativa difusión industrial que afecta a algunhas provincias próximas ás principais áreas metropolitanas e ó desenvolvemento de determinados centros industriais medianos e pequenos froito da política de Polos. A súa vez, o fluxo migratorio cara a estas zonas onde se concentra a produción e en particular cara ás principais urbes, vai xerar efectos expansivos derivados: industria da construción, lixeira e consumo. Ademais, esta polarización das forzas productivas precisou tamén dun aprovisionamento de materias primas e enerxía co que algunhas rexións reforzan a súa funcionalidade como exportadoras netas de recursos (Andalucía, León, Asturias e Estremadura).

Con este mesmo sentido centro-periferia establécense fluxos de capitais. O desenvolvemento do sistema financeiro co incremento dos puntos de captación de aforro en todo o territorio vai canaliza-los aforros das rexións máis pobres en dirección ás máis ricas, onde os rendementos son seguros e elevados. A ausencia dun mecanismo corrector por parte do Estado destes fluxos monetarios, que non se establece ata o novo réxime democrático, tradúcese nun saldo claramente desfavorable para as rexións do interior peninsular.

Diante deste panorama imos tentar explicar qué solucións se propón por parte da Administración para corrixi-los desequilibrios xerados.

Nos anos 60 iníciase unha política de desenvolvemento rexional con obxectivos reequilibradores. No decorrer da década foron aparecendo diversas figuras de intervención que en esencia buscaban incentiva-la localización de empresas industriais en certos espazos atrasados contribuíndo de paso a moderar a crecente conxestión que rexistraban as grandes cidades e áreas metropolitanas: plans comarcais, plans provinciais de mellora infraestructural, polígonos, zonas de preferente localización industrial. Nembargantes, a principal acción orientouse á selección de diversos Polos de Promoción e Desenvolvemento Industrial. O seu obxectivo central foi a promoción de cidades medias que facilitasen a difusión xerárquica de certas actividades productivas no territorio, compensando as tendencias polarizadoras espontáneas, inherentes á lóxica do mercado. Tratábase pois dun intento de descentralización concentrada apoiado na instalación de certas industrias motrices que deberfan favorece-la atracción doutras vencelladas a elas como clientes ou provedores (polarización técnica), o desenvolvemento dos servizos ó aumenta-la demanda empresarial e privada (polarización de rendas), ademais dunha mellora da imaxe e das expectativas da área (polarización psicolóxica).

Os incentivos ofrecidos nos Polos para a instalación das empresas industriais son os seguintes: subvención a fondo perdido ata o 10% do investimento inicial en capital fixo e 20% nos Polos de Promoción; créditos oficiais cunha cobertura de ata o 70% do investimento total, 7% de interese e devolución en 9 anos; desgravacións fiscais en determinados impostos e taxas locais; solo industrial relativamente barato en polígonos urbanizados ó efecto; axudas para gastos de formación profesional e outros.

Reelaborado de Méndez e Molinero, *Geografía de España*, Ed. Ariel, 1993, páxs. 640-647

PLANS ADMINISTRATIVOS PARA PALIAR LAS DESIGUALDADES

Na década dos 70 asistimos a unha crise económica, internacional, que repercute moi negativamente no sector industrial e obriga á Administración a trazar duros plans de reconversión que trouxeron graves consecuencias na produción e no mercado de traballo. Para facer fronte a esta situación créanse distintas formas de incentivos á industrialización.


29

Estudia o documento 16 e coa información que obteñas das figuras 22, 23 e 24, así como cos documentos 17, 18 e 19, analiza as estratexias territoriais da Administración española nos anos sesenta e oitenta.

PLANS ADMINISTRATIVOS PARA PALIA-LAS DESIGUALDADES

Principais actuacións de política rexional ata 1977

Figura 22



Reelaborado a partir de R. Méndez e F. Molinero, *Geografía de España*, p. 646, Ariel, Barcelona

PLANS ADMINISTRATIVOS PARA PALIA-LAS DESIGUALDADES

Documento 17


Resultados obtidos polos Polos de Promoción e Desenvolvemento ata 1977

Polos de desenvolvemento	Investimento previsto (millóns de pesetas)	Investimento realizado (millóns de pesetas)	% total	Emprego previsto	Emprego realizado	% total
Burgos	20,2	17,9	88,6	15.999	11.517	72,0
Huelva	144,2	45,7	31,7	9.170	7.146	77,9
A Coruña	8,4	11,6	138,1	3.798	4.188	110,2
Sevilla	8,9	9,1	102,2	8.539	9.666	113,2
Valladolid	11,1	19,9	179,3	10.794	20.147	186,6
Vigo	6,9	9,1	144,9	11.850	13.134	110,8
Zaragoza	10,5	7,9	75,2	8.161	8.024	100,5
Granada	4,2	2,8	66,7	1.649	855	50,5
Córdoba	8,8	7,0	79,5	2.647	1.260	47,6
Oviedo	34,9	30,9	88,5	8.238	4.580	55,6
Logroño	11,8	6,1	51,7	5.221	1.986	38,0
Vilagarcía	3,3	2,1	63,6	2.874	2.683	93,5

Fonte: Ministerio de Industria e Enerxía

Documento 18

Factores do proceso de reconversión industrial en España




R. Méndez, *Las actividades industriales*, Ed. Síntesis, Col. Geografía de España, nº 10, p. 55

PLANS ADMINISTRATIVOS PARA PALIAR LAS DESIGUALDADES

Incentivos regionales a industria en 1987


Figura 23



Fonte: R. Méndez, *Las actividades industriales*, p. 114, Ed. Síntesis

Resultados das ZUR (ata decembro de 1989)

Figura 24



O F.C.I. e a política rexional

As comunidades autónomas reciben recursos financeiros de dous fondos que teñen como finalidade axudar ás rexións con problemas estruturais: o Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

O primeiro ten a súa orixe na Constitución. O segundo, como o seu nome indica, é de carácter europeo. O FCI comezou a funcionar na práctica en 1982, ata que se promulgou a Lei 7/1984, que quedou derogada e foi substituída pola Lei 29/1990, de 26 de decembro.

O Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) antigo, tal como funcionou ata 1989, presentaba dous fallos, o primeiro e máis importante era o de non ser un verdadeiro instrumento de política rexional. A orixe deste defecto radical estaba no deseño do sistema de financiamento das comunidades autónomas. O mandato constitucional "corrixi-los desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade" quedaba notablemente desdebuxado.

Por outro lado, dende 1987, o método de reparto dos recursos do fondo entre as comunidades autónomas mostrouse particularmente perverso, facendo perder participación relativa ás rexións menos desenvolvidas en beneficio dalgunhas das de maior renda por habitante. A causa desta disfunción reside no comportamento dos movementos migratorios, variable que desempeña un papel importante na distribución do FCI en favor das comunidades autónomas que expulsan poboación, circunstancia que se deu nas áreas españolas máis industrializadas, que, a raíz da crise económica, devolveu importantes continxentes de emigrantes ós seus lugares de orixe. Ambos efectos obrigaron a modifica-lo comportamento do fondo.

Dende o punto de vista político, un aspecto ineludible foi a necesidade de concertación con e entre tódalas comunidades autónomas, correspondendo ó goberno central o papel preponderante, impulsor e catalizador do proceso.

Dende o punto de vista presupostario, tódalas modificacións totais ou parciais do sistema financeiro coas comunidades autónomas partiu, ata o momento, do principio de que ningunha comunidade autónoma pode perder cartos. Pouco ou moito, todas elas deben mellora-la súa posición. Se alguén ten que perder, que sexa o presuposto da administración central do Estado.

Dende a óptica económico-financiera, o terceiro criterio que guiou a reforma do FCI é a introducción dun mapa de intervención limitado ás comunidades autónomas con menor nivel de renda por habitante, fronte á anterior xeneralización dos seus beneficios financeiros a tódalas rexións. É aquí onde se manifesta o seu carácter de instrumento da política rexional. O aumento da transferencia de recursos en favor das comunidades autónomas que para o Tesouro Público central supón calquera modificación ou retoque do sistema de financiación autonómica, concrétese na creación da chamada compensación transitoria. Chámase transitoria porque desaparecerá a partir de 1991, ano no que se agarda aplicar un novo modelo de financiación autonómica.

Ademais das características básicas sinaladas, a modificación introducida no funcionamento do FCI estivo orientada nalgúns aspectos por un acercamento dos seus procedementos ós do FEDER, anque en outros mantivéronse as distancias. Unha diferenza importante entre o FCI e o FEDER, é o método de distribución dos seus recursos. O reparto do FCI segue pautas de automatismo, en virtude dunha fórmula aritmética definida en tódolos seus detalles. A comisión da CE dispón, en cambio, de ampla discrecionalidade para distribuí-la dotación do FEDER.

Laureano Lázaro Araújo, *Anuario El País*, 1991, páx. 425

PLANS ADMINISTRATIVOS PARA PALIA-LAS DESIGUALDADES

30 Informe



Con toda a información que barallamos xa tes datos dabondo para realizar un pequeno informe sobre a intervención da Administración na ordenación territorial. Nel debe quedar claro se as medidas adoptadas favoreceron ou non o equilibrio territorial e por qué. En todo caso debes indicar qué formas de actuación recomendarías realizar se ti estiveses na Administración como poder executivo.

Terceira parte

OS RESULTADOS ESPACIAIS: AS CONCENTRACIÓNS URBANAS E AS REDES DE TRANSPORTE

Do mesmo xeito que analizámo-la poboación, a renda, a produción e o turismo en relación cos desequilibrios territoriais como factores activos, imos estudar agora parte do resultado deste proceso: o fenómeno urbano, tanto no ámbito local como estatal, e a rede de transportes.

En primeiro lugar analizaremos cómo se produce o crecemento dos asentamentos urbanos. Despois estudiarémo-las relacións que establecen as cidades entre si.

ACTIVIDADE OITO. O CRECIMENTO DA CIDADE

En primeiro lugar debemos preguntar ¿que é unha cidade? Definir qué é unha cidade e unha área urbana é unha cuestión complexa. Resulta difícil precisar os lindeiros dunha cidade e ata onde chega a periferia edificada. Coñecer qué é unha cidade implica estudar o plano desta: o centro histórico, os ensanches, os espazos industriais, as zonas verdes. E tamén supón estudar as funcións económicas e a poboación que lle dá vida a ese espazo. Deste xeito, as cidades aparecen como espazos complexos nos cales interactúan os elementos demográficos, económicos, culturais, técnicos e os condicionantes medioambientais.

A concentración da poboación en cidades foi, en parte, froito do éxodo rural principiado nos anos cincuenta. A atracción exercida pola posibilidade de atopar emprego na industria e servizos das áreas urbanas provocou un crecemento da poboación que derivou nunha demanda de vivendas. A construción masiva destas non sempre respectou a racionalidade do planeamento urbanístico, como se pode comprobar no gráfico 4. Os documentos 20 e 21 refírense tamén a esta problemática.

Documento 20

Cataluña, País Vasco e Madrid son os principais focos de atracción onde se produce un aumento importante da densidade urbana, se ben tódalas capitais de provincia experimentaron crecementos notables da súa poboación. En cambio, pequenas cidades da Mancha, Extremadura e Andalucía perden; aínda algunhas de longa tradición como Valdepeñas e Manzanares (Ciudad Real), Yecla (Murcia), Torredonximeno e Baeza (Xaén) e Ronda (Málaga) perden por vez primeira poboación dende o século XVII.

Nos núcleos da cornixa cantábrica combínanse funcións administrativas (capitais de provincia), de industria pesada e comerciais, seguindo un patrón no que Bilbao foi pioneira. En 1960 o 61% da poboación vasca xa vive en cidades, sobre de todo ó redor do eixe Bilbao-Donostia. No resto da Cornixa, consolídase o triángulo Oviedo-Xixón-Avilés e os eixes Santander-Torrelavega, Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol.

Por outra banda, en Cataluña, case tres cuartas partes das cidades que se agrupaban ó redor da Cidade Condal situáronse entre as que máis medraron de toda España, se ben nas outras provincias o crecemento foi máis modesto. Tamén era evidente o proceso de concentración ó redor da cidade de Valencia, en contraposición coa atonía doutras zonas do interior e do sur da provincia, así como de Castellón e do norte de Alicante. Mentres tanto, no centro da provincia alacantina experimentábase un grande pulo urbanístico. En cambio en Murcia, agás os arredores da capital, detense esta dinámica. A daquela denominada *Castilla la Vieja* ve medra-la concentración ó redor das capitais e zonas mineiras de León. Cara a 1969 comézase a albiscar, anque timidamente, o rexurdimento de cidades pequenas e medianas ó redor da capital de España, se ben non de xeito tan evidente como en Barcelona, Bilbao ou Valencia.


J. Ignacio Rodríguez, «Del pueblo al bloque», páxs. 158-171 da Revista *MOPTMA*, xullo-agosto de 1995; texto en páxina 70

O CRECEMENTO DA CIDADE

31

Sobre un mapa de España, localiza as principais áreas de concentración urbana e as zonas de maior éxodo rural. Explica os factores que determinaron estes movementos.

Gráfico 4



Reelaborado a partir de F. Terán, *Planeamiento urbano en la España contemporánea (1900-1980)*. Madrid, Ed. Alianza

¿Cal foi a eficacia ordenadora da Lei do Solo e desta proliferación de plans urbanísticos dela xurdidos? A resposta é ben sinxela: practicamente ningunha. A expansión das cidades españolas realizouse á marxe da normativa legal, ignorándoa totalmente.

(...)

O núcleo urbano seguiu a densificarse ata a conxestión e o seu perímetro estendeuse ilegalmente mediante o procedemento de prolonga-las infraestructuras e considerar como solo urbanizado sectores que en realidade non o eran, ou de conceder licencias de edificación sen a existencia previa dun plan parcial. O solo de reserva urbano non foi ocupado totalmente, namentres que se aprobaron plans de urbanización e parcelación ó exterior do perímetro que o delimita, en contra do sinalado no artigo 64 da Lei do Solo. O solo cualificado como rústico foi ocupado por urbanizacións legais –é dicir, promovidas a través dun plan parcial, anque este non fora aprobado aínda– ou ilegais, é dicir, realizadas sen a concesión previa de licencia municipal. Estas urbanizacións ilegais poden estenderse tamén polo interior do solo de reserva urbana. Por último, os equipamentos previstos nos plans xerais de ordenación urbana desenvolvéronse só nunha pequena parte, por insuficiente investimento, non só dos promotores privados senón tamén dos públicos.

Capel, Horacio: *Capitalismo y morfología urbana en España*, Barcelona, 1977

32

Observa con coidado o gráfico 4 e le o documento 21, con obxecto de realizar unha breve redacción na que explique-los usos do solo que aparecen no crecemento dunha cidade e cáles son os problemas que aparecen no desenvolvemento urbano.

O CRECEMENTO DA CIDADE

Pero non só medra a cidade nun espazo compacto. Tamén a partir dos anos sesenta aparecen pequenas urbanizacións, e asentamentos urbanos sobre antigas vilas, preto das cidades. Xorden así os espazos suburbanos e periurbanos, en función da proximidade ó centro das cidades e o grao de transformación do primitivo espazo rural. O documento 22 amósanos a poboación das aglomeracións urbanas e a importancia da cidade central e áreas periurbanas.

33

En equipo:

Localizade nun atlas as localidades próximas ás grandes cidades, tomando como referencia o documento 22. Tratade de identificar, polo menos, dous asentamentos periurbanos importantes. ¿Qué relacións se establecen entre o núcleo urbano e a súa área de influencia?



Aglomeracións urbanas en España

	Poboación en 1981	Nº de municipios	Poboación cidade central 1981	Poboación periferia 1981	Poboación periferia/centro 1981	% 1991/1981
Máis de 1.000.000 habitantes						
Madrid	4.428.898	23	3.188.297	1.240.601	0,28	6,04
Barcelona	3.433.403	61	1.680.786	1.680.786	0,49	-0,16
Valencia	1.216.839	37	465.105	465.105	0,39	2,39
Máis de 500.000 habitantes						
Sevilla	941.930	16	607.384	291.098	0,32	11,76
Bilbao	898.482	20	416.850	525.080	0,55	-2,28
Zaragoza	597.577	3	557.687	39.890	0,06	5,39
Málaga	503.251	1	438.439	64.812	0,12	19,85
De 250.000 a 500.000 habitantes						
As Palmas	461.471	4	319.147	142.324	0,30	2,10
Cádiz	354.182	5	157.766	196.416	0,55	7,07
Murcia	344.359	3	137.537	206.822	0,60	17,90
Valladolid	336.635	2	326.113	10.522	0,03	6,58
Palma de Mallorca	326.438	2	240.988	85.450	0,26	6,98
San Sebastián	325.088	10	169.184	149.245	0,46	-0,57
Sta. Cruz de Tenerife	319.059	3	169.814	149.245	0,46	6,52
Vigo	311.779	3	171.210	140.569	0,45	6,58
Alacante	301.858	5	248.361	53.497	0,17	14,11
Granada	294.310	7	257.503	36.807	0,12	12,64
A Coruña	284.990	5	222.230	62.760	0,22	10,67
Córdoba	284.737	1	268.324	16.413	0,08	9,04
Xixón	255.969	1	232.615	23.354	0,09	1,02
De 100.000 a 250.000 habitantes						
Pamplona	240.602	9	178.504	62.098	0,25	8,31
Santander	210.062	3	157.479	53.123	0,25	9,40
Vitoria	194.848	2	171.800	23.048	0,11	8,79
Oviedo	190.123	1	168.951	21.172	0,11	7,86
Xerez	176.238	1	150.481	25.757	0,14	10,00
Cartaxena	172.751	1	69.938	102.813	0,59	
Salamanca	169.695	2	167.116	2.579	0,01	
Alxeciras	162.928	3	85.145	77.783	0,47	
Burgos	156.449	1	156.449	---	---	
Huelva	151.652	4	127.806	23.846	0,15	
León	149.512	2	127.367	22.150	0,14	
Almería	144.200	2	130.913	13.287	0,09	
Ferrol	142.639	4	80.445	62.194	0,43	
Castellón	126.464	1	126.464	---	---	8,18
Avilés	125.245	3	79.842	45.403	0,36	

O CRECEMENTO DA CIDADE

Tarragona	117.710	2	64.659	53.501	0,45	6,09
Albacete	117.126	1	107.988	9.138	0,07	
Badajoz	114.361	1	99.343	15.018	0,13	
Logroño	113.847	2	109.889	3.958	0,03	
Lleida	109.573	1	91.312	18.261	0,16	
De 50.000 a 100.000 habitantes						
Ourense	99.333	2	88.972	10.361	0,10	
Xaén	96.429	1	91.560	4.869	0,05	
Santiago de Comp.	93.695	1	72.993	20.702	0,22	
Girona	89.796	4	39.252	50.544	0,56	
Pontevedra	76.710	2	36.682	38.028	0,49	
Palencia	74.080	1	74.041	39	0,00	
Lugo	73.896	1	64.534	9.425	0,12	
Cáceres	71.852	1	70.354	1.498	0,02	
Toledo	61.250	2	57.769	3.481	0,05	
Zamora	59.734	1	59.530	204	0,00	
Guadalajara	56.922	1	53.096	3.826	0,06	
Segovia	53.237	1	51.575	1.662	0,03	
Ciudad Real	51.118	1	49.701	1.417	0,02	


Elaborado a partir de A. Precedo (1988), *La red urbana*, Madrid, Síntesis, pp. 113-114 e A Precedo (1996), *Ciudad y desarrollo urbano*, Madrid, Síntesis, p. 182

Ademais da expansión urbana das cidades cara ás súas periferias, tamén debemos destaca-la formación dunha estreita relación das cidades entre si. Deste xeito configúrase un sistema urbano, ou sexa, unha estrutura dinámica e xerárquica das cidades, que se complementa ou se opón en relación directa coas súas funcións económicas. É dicir, ás veces as cidades compiten por un territorio, no cal hai outros asentamentos máis pequenos. Outras veces alíanse formando pactos ou eixos para ter máis influencia nas instancias de poder; así o Eixo Atlántico de cidades galegas e portuguesas ou o pacto entre as sete principais cidades francesas e españolas do Mediterráneo.

A figura 25 que che presentamos fai referencia á localización das principais cidades e áreas metropolitanas en España, entre as que existen claros nexos de unión. Para poder analizar con cuidado esta figura debemos defini-los conceptos que aparecen na lenda.

O sistema de cidades e a organização territorial
(Península Ibérica e Baleares)

Figura 15



Como indicamos ó começo desta apartado, imos estudar a rede de transportes e comunicações como un factor máis que hai que ter en conta nos desequilibrios territoriais e na estruturação do sistema urbano.

A vertebración do territorio depende das redes de transporte e telecomunicacións de maneira que un lugar ben comunicado mantén moitas máis relacións con outros lugares e resulta máis atractivo para a actividade económica. As novas tecnoloxías e vías de transporte reducen considerablemente as distancias e polo tanto o tempo, contribuíndo ó aumento de accesibilidade do territorio.

Vexamos agora as características actuais das redes de transporte e dos principais fluxos de telecomunicacións, froito da planificación e política territoriais, e a súa proxección no futuro.

REDES DE TRANSPORTE E DE TELECOMUNICACIÓNS

As figuras e documentos seleccionados ponnos de relevo a importancia das redes de transporte e comunicações como arterias por onde circulan mercaderías, ideas e persoas, e que determina o funcionamento do sistema urbano.

O CRECEMENTO DA CIDADE

34 *Facemos un resumo*




A partir da análise das figuras 26 a 30 e os documentos seleccionados, realiza un breve resumo onde teñas en conta a relación entre as redes de transporte e comunicacións e os asentamentos urbanos. En concreto, fai referencia ás zonas onde se concentran as estradas de gran capacidade e os ferrocarrís en España. ¿Que zonas quedan marxinadas? Explica as causas desta distribución. ¿Como pensas que inciden a presenza de aeroportos e portos na importancia dunha cidade dentro do sistema urbano?

O CRECEMENTO DA CIDADE

Rede nacional de estradas

Figura 26



O CRECIMENTO DA CIDADE


Tráfico marítimo

Figura 29



Rede de fluxos telefónicos

Figura 30



Méndez e Molinero, *Geografía de España*, Ed. Ariel, p. 634

ACTIVIDADE NOVE. ESPAÑA EN EUROPA

Nesta última actividade da unidade didáctica relacionamos España co contexto territorial inmediato de que forma parte, e analizámo-la posición que ocupa no mesmo.


O sistema urbano español forma parte dun sistema máis amplo: Europa e en especial, dende 1986, da Unión Europea, coas cidades da cal mantén unhas claras relacións: industriais, comerciais, administrativas, financeiras, culturais, etc. Na figura 31 podemos apreciar as principais áreas urbanas europeas.

35

Localiza coa axuda dun atlas, as principais áreas de concentración urbana e formula cáles son as relacións que se establecen entre estas. ¿Que posición pensas que ocupa o sistema urbano español no conxunto europeo? Trata de responder a esta cuestión apoiándote no que din os documentos 23-A, 23-B, e nos mapas das figuras 31 e 32.

Distribución do poboamento urbano en Europa, 1988

Figura 31



Méndez e Molinero, *Geografía de España*, Ed. Ariel, p. 553

Principales ciudades de la Unión Europea nos años noventa

NUMERO DE HABITANTES MILLON	CIDADE	HABITANTES EN MILLONS
19	París (Francia)	9,4
25	Londres (Reino Unido)	7,3
29	Essen (Alemania)	6,5
42	Milán (Italia)	4,3
45	Madrid (España)	4,1
54	Atenas (Grecia)	3,7
56	Frankfurt (Alemania)	3,6
64	Berlín (Alemania)	3,3
78	Nápoles (Italia)	3,0
80	Düsseldorf (Alemania)	3,0
81	Colonia (Alemania)	3,0
82	Roma (Italia)	2,9
88	Barcelona (España)	2,8
99	Hamburgo (Alemania)	2,6
101	Stuttgart (Alemania)	2,6
112	Birmingham (Reino Unido)	2,3
116	Manchester (Reino Unido)	2,3
119	Munich (Alemania)	2,1
128	Viena (Austria)	1,8
167	Lisboa (Portugal)	1,6
182	Mannheim (Alemania)	1,5
188	Estocolmo (Suecia)	1,5
197	Leeds (Reino Unido)	1,5
218	Copenhague (Dinamarca)	1,3
220	Torino (Italia)	1,3
221	Lyon (Francia)	1,3
227	Hannover (Alemania)	1,3
232	Bielefeld (Alemania)	1,3
242	Marsella (Francia)	1,2
275	Bruxelas (Bélgica)	1,1
284	Ámsterdam (Holanda)	1,1
288	Rotterdam (Holanda)	1,1
301	Aachen (Alemania)	1,0
305	Helsinki (Finlandia)	1,0

Fonte: *Agglomeraciones urbanas 1994*. División de Población. Secretaría das Naciones Unidas. 1995

Para coñecer a posición de España no conxunto europeo contamos co estudo que realizaron os autores do informe RECLUS a finais dos oitenta. Nel estudian 165 aglomeracións urbanas, contrastando a súa posición na xerarquía urbana a través de dezaseis indicadores: poboación, crecemento da poboación, presenza de empresas multinacionais, infraestruturas e actividades tecnopolitanas, función universitaria, prazas financeiras, tráfico dos aeroportos, tráfico dos portos, irradiación cultural, realización de feiras, realización de congresos, prensa e edición, telecomunicacións e, por último, cidades especializadas.

Deste estudo elaborouse unha clasificación xeral das cidades europeas en oito clases ou niveis, dentro das cales as cidades españolas quedan así:

Clase 3: Madrid e Barcelona.

Clase 5: Sevilla e Valencia.

Clase 6: Bilbao.

Clase 7: Zaragoza, Málaga, Palma, Cádiz, As Palmas, Valladolid e Granada.


Clase 8: Vigo, Tarragona, Córdoba, Murcia, Alacante, Santa Cruz de Tenerife, San Sebastián, Santander, Pamplona, A Coruña, Oviedo e Xixón.

O que se constata é que o sistema urbano español conecta co sistema urbano europeo a través dos eixos mediterráneos e atlántico; neste sentido parece certo que ambos eixos precisan un afortalamento. Outra conclusión que parece evidente é a necesidade dun maior crecemento das cidades medias e pequenas.

Reelaborado a partir de Joseba Juaristi Linacero: «El sistema urbano español y sus relaciones con el sistema urbano europeo», en *Las ciudades españolas a finales del siglo XX*, Asociación de Geógrafos Españoles, Grupo de Geografía Urbana, páxs. 17-27

A Gran Dorsal Europea e o Arco Mediterráneo

Figura 32



Reclus: *La gran dorsal europea y el arco mediterráneo*, 1989

ESPAÑA EN EUROPA

36

Fai unha redacción onde explique as desigualdades que existen en España, expresando a túa opinión sobre as vantaxes e inconvenientes que supón a integración na Unión Europea. ¿Como pode afectar a integración ós diferentes territorios de España? Trata de emitir a túa opinión razoada a partir da información que xa tes e da selección dos documentos (doc. 24, 25 e 26) que analizamos.

O Informe da Comisión das Comunidades Europeas de 1991, elaborado con datos de 1990, presenta as seguintes conclusións sobre as diferencias entre as rexións da Unión Europea:

I. A persistencia de grandes diferencias entre rexións na renda per cápita. As dez rexións menos desenvolvidas contan cuns ingresos medios per cápita inferiores a un tercio da renda media das rexións máis avanzadas.

II. O aumento das diferencias nos índices de desemprego, que oscilan entre o 3% e algo máis do 20%.

III. O maior desemprego coincide coas máis elevadas taxas de natalidade e crecemento, de xeito que nas rexións menos avanzadas séguese a producir un crecemento da man de obra maior ca no resto.

Á altura do ano 2000 as diferencias persisten.

A chamada "Axenda 2000", que contén as novas medidas propostas e aprobadas pola Comisión Europea para pór en práctica ata o 2006, contempla catro Fondos Estructurais:

- Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).
- Fondo Social Europeo (FSE).
- A Sección de Orientación do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA).
- O Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP).

As subvencións destes fondos concédense como parte de programas de desenvolvemento a longo prazo aprobados polas autoridades de cada país.

A nova política rexional define tres obxectivos prioritarios:

OBXECTIVO 1: Rexións menos desenvolvidas. Aquelas que teñen un P.I.B. per cápita inferior ó 75% da media da U.E. Representan estas rexións o 22,2% da poboación da U.E. Poden recibir axudas dos catro fondos e consomen o 69,7% do seu presuposto total.

OBXECTIVO 2: Rexións en crise estrutural. Son rexións con desemprego alto debido á crise industrial. Representan un 18% da poboación da U.E. e poden recibir axudas do FEDER e do FSE e destínase a estas o 11,5% do presuposto.

OBXECTIVO 3: Rexións que precisan axuda para educación, formación e emprego (excluídas as do obxectivo 1). Reciben axudas do FSE que supoñen o 12,3% do presuposto dos Fondos Estructurais.

Elaborado a partir do Informe da Comisión das Comunidades Europeas de 1991 e «La Europa sin fronteras», Comisión Europea, xuño-xullo de 2000

Coa consolidación do mercado único europeo obsérvanse unha serie de limitacións que poden desdibuxar as expectativas creadas coa política rexional europea para a redución das desigualdades actuais.

(...) Un primeiro problema relaciónase coa dispersión e multiplicación das actuacións (...) Ademais das rexións obxectivo dos Fondos Estructurais deben engadirse as zonas de promoción económica, zonas industrializadas en declive e zonas especiais identificadas pola política de incentivos rexionais; así como as actuacións levadas a cabo polas axencias de desenvolvemento rexionais, as sociedades para o desenvolvemento industrial ou as diversas actuacións de carácter local. Outros problemas son as dificultades de coordinación entre as múltiples administracións implicadas, a complexidade burocrática resultante e as "guerras de incentivos" que ás veces se establecen entre rexións ou municipios para atraer investimentos.


Reelaborado a partir de R. Méndez e F. Molinero, *Geografía de España*, Ed. Ariel, Barcelona, 1993, pág. 666

Os que pagan e os que reciben

A partir do 1 de xaneiro de 1986, España puido acceder ás axudas do FEDER. Nun principio, soamente as Comunidades Autónomas de Andalucía, Canarias, Estremadura, Castela-León, Castela-A Mancha e Galicia podían solicitar as respectivas axudas. Nembargantes, a Comisión Europea aprobou máis adiante un novo mapa co 87,7% da superficie do país, que afecta ó 75% da súa poboación. Neste mapa obsérvase cómo unicamente as Baleares e A Rioxa quedan á marxe das axudas do FEDER, por non cumprir as condicións requiridas.

Esta situación deu lugar a diferentes protestas doutros países da

Unión Europea, como é o caso de Alemaña. Así no diario *El País* do día 28 de outubro de 1996 o ministro alemán de Facenda (Waigel) advirte a Kohl (Primeiro Ministro alemán) que Madrid percibe o 39% dos fondos europeos e esixe reduci-la achega alemana.



Elaboración propia

Estudiamos nesta unidade didáctica algúns elementos e factores que explican as desigualdades territoriais en España. Así analizámo-los desequilibrios no noso país en función dunha serie de indicadores (económicos, demográficos, recursos naturais...) e factores explicativos (industrialización, urbanización...) e a relación de España coa Unión Europea.

37 *Conclusiones individuais*



Facede unha síntese ordenada dos argumentos que empregamos para explica-las desigualdades xeográficas dentro de España, e a súa relación coa Unión Europea. Non vos debedes esquecer de mencionar cómo traballamos na clase e fóra dela (por exemplo consultando os xornais ou os noticiosos da televisión). En grupo elaborade un guión previo, co fin de ordena-las vosas ideas.

1377011
ISBN 84-8302-695-3
9 788483 026953



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

Subvencionado pola Xunta de Galicia,
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
Dirección Xeral de Política Lingüística.

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA

